

**Estudo e edición de *Poemas e cantigas*,
obra inédita de Emilio Álvarez Blázquez**

José Ángel García López

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GARCÍA LÓPEZ, JOSÉ ÁNGEL (2011 [2007]). “Estudo e edición de *Poemas e cantigas*, obra inédita de Emilio Álvarez Blázquez”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 7-23. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/870>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GARCÍA LÓPEZ, JOSÉ ÁNGEL (2007). “Estudo e edición de *Poemas e cantigas*, obra inédita de Emilio Álvarez Blázquez”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2007, 7-23.

* Edición dispoñíbel desde o 31 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Estudo e edición de *Poemas e cantigas*, obra inédita de Emilio Álvarez Blázquez

JOSÉ ÁNGEL GARCÍA LÓPEZ

Universidade de Alacant

Emilio Álvarez Blázquez naceu en Tui o deza-seis de abril de 1919. Desde moi novo, o seu espírito inclinouse pola intelectualidade, vocación sen dúbida acrecentada por mor da heranza cultural transmitida pola familia (Álvarez Giménez 2000: 7-12). Xa mozo, cursou os estudos de Maxisterio na Escola Normal de Pontevedra para logo iniciar a licenciatura en Filosofía e Letras na universidade compostelá, carreira que o trebón da Guerra Civil lle impediu completar.

Apenas iniciada a década dos corenta, a familia do noso autor optou por trasladarse a Vigo, cidade da que faría a súa residencia habitual. Durante esta nova etapa da súa vida, Emilio Álvarez Blázquez colabora asiduamente con artigos, narracións breves e poemas en publicacións como *Numen* ou *Finisterre*, ao tempo que lle dá forma a un libro en lingua castelá que levaría por título *Poemas de amor ingenuo*, o cal finalmente non chegaría a ver a luz¹. Así mesmo, cómpre apuntar que o escritor tudense crea xunto ao seu irmán Xosé María algúns textos en común que, aos poucos, darían ao prelo (Álvarez Blázquez 1945, 1948a). En 1949 publican *Poemas de ti e de min*, terceiro volume da colección Benito Soto encadernado co cuarto volume da mesma colección (en sentido inverso), que recollía poesías de ambos os dous. A edición foi recibida con entusiasmo pola crítica, nomeadamente desde as páxinas dos medios nos que aparecía de cando en vez a firma do noso autor (*Borobó* 1949: 4; S. 1950: 6; Casas 1950: 4; Sen sinatura 1950: s. p.). As contribucións de Emilio Álvarez Blázquez prodíganse en *La Noche* a partir de 1946, tanto no xornal coma no *Suplemento del Sábado*, editado desde o quince de outubro de 1949 ata o vinte e oito de xaneiro de 1950 (Alonso Gírgado 1996a), colaboracións asinadas co seu nome e apelidos, coas siglas E.A.B. ou co pseudónimo *Ronsel* (Alonso Gírgado 1996b).

Fóra do antedito, a creación lírica de Emilio Álvarez Blázquez deixa pegadas nestes anos a unha e a outra beira do Atlántico a través de contribucións en xornais e revistas como *Faro de Vigo*, *Mensaxes de Poesía*, *Alba*, *Aturuxo* ou *Lar*. Así mesmo, o escritor tudense figura entre os seleccionados por González Alegre no ensaio *Poesía gallega contemporánea* (1954: 195-197) e algúns textos da súa auto-

No presente traballo rescatamos un libro de poemas inédito do escritor tudense Emilio Álvarez Blázquez, ademais de ofrecer unha descrición do labor literario deste autor e da súa recepción crítica. A partir dos testemuños orais e escritos cos que contamos, botamos algunha luz sobre as circunstancias que explican o descoñecemento do volume *Poemas e cantigas* por parte dos estudosos da obra lírica de Emilio Álvarez Blázquez. Así mesmo, como complemento á edición que ofrecemos do dito libro, analizamos a forma e os contidos das composicións que o integran.

In this article we recover a book of unpublished poems from Emilio Álvarez Blázquez. In addition, we provide a description of this author's literary work and its critical reception. Depending on oral and written testimonies, we shed some light on the circumstances that explain why scholars familiar with Álvarez Blázquez's work did not know about *Poemas e cantigas*. As a complement to the book's publication, we analyse the form and content of the poems.

ría serían incorporados á *Escolma de poesía galega* preparada por Fernández del Riego (1955). Así definía Emilio Álvarez Blázquez a súa poética nas páxinas da dita escolma:

O que teño ben pensado, dende a nenez quizaves, é que a poesía —a que a min me intresa ao menos— ten de sere, por riba de todo, honrada; palabra moi comprometida porque honrado é o sinxelo, o auténtico, o puro. Queda fora, pois, o retórico, o enchido, o torto. Entre a poesía popular, no peor senso da palabra, e a poesía de tesis de última hora, non me quedo con ningunha. Quédome cos Cancioneiros e con catro amados nomes da poesía galega de tódolos tempos, e con catro ou máis da poesía universal. (Fernández del Riego 1955: 310-311)

En xaneiro de 1956, Emilio Álvarez Blázquez le algúns poemas no espazo que a BBC destina ás transmisións en lingua galega (Toro Santos 1996: 539-541) e, tamén nesa altura, González Garcés inclúe o noso autor na antoloxía da lírica galega contemporánea *Diez poetas gallegos* (1956: 12). Mercé ao seu labor a prol da cultura da Terra, o poeta tudense é nomeado membro correspondente da Real Academia Galega en 1957. Co gallo da recepción no seo da susodita institución, os amigos ofrécenlle o vinte e nove de setembro unha homenaxe pública en Vigo, acto que reúne un número representativo de intelectuais galegos: Fernández del Riego, Xosé María Castroviejo, Celso Emilio Ferreiro, Victoriano Taibo, Francisco Leal Ínsua... (Sen sinatura 1957: 4).

A creación lírica do escritor tudense adíase a medida que voan os anos, sendo así que ata 1963 non imprime o seu *Romance del peón caminero* nunha restrinxida edición pagada polo propio autor². Ao ano seguinte, Emilio Álvarez Blázquez recibe con satisfacción a nova de que un volume da súa autoría, enviado en 1963 a Buenos Aires, resultara gañador do Premio de Poesía Galega “Rosálfa de Castro” do Centro Galego da sobredita cidade. En 1971 aparecería nunha tiraxe limitada a segunda edición do libro *Poemas de ti e de min* (González Garcés 1976: 71), mais o tempo decorría tristeiro e inexorable nesta etapa da vida do noso autor, na cal había dar o derradeiro adeus aos seus irmáns Darío, Alfonso e Xosé María. No sentido epílogo que redactou no outono de 1986 para a edición da *Poesía completa* do seu irmán Xosé María, Emilio Álvarez Blázquez deu a coñecer algúns fragmentos do libro inédito *Poemas para María Blázquez*, que, segundo manifestaba explicitamente, non era quen de rematar na súa senectude (Álvarez Blázquez 1987: 182). Finalmente, consentiu ver publicado o seu testamento lírico baixo o título definitivo de

O tempo desancorado (*Poemas para María Blázquez*), que saíra baixo o selo editorial de Galaxia ano e medio despois de asinar o referido epílogo.

Vítima dun cancro de fígado, Emilio Álvarez Blázquez finou en Vigo o vinte e dous de setembro de 1988. Non faltaron daquela na prensa notas necrolóxicas nin testemuños de pesar pola desaparición dunha das personalidades culturais máis singulares de Galicia (Sen sinatura 1988: 493; Alonso Montero 1993 [1988]). Porén, haberían de pasar dezasete anos antes de que aparecera unha recompilación do corpus literario do escritor tudense, *Poesía galega completa e textos en prosa*, nunha edición elaborada con agarimo e boas maneiras. Lamentablemente, co paso do tempo a dita edición revelouse incompleta, por canto no presente traballo achegamos un libro de poemas inédito do noso autor, *Poemas e cantigas*. A este libro, galardeado en Buenos Aires en 1964, referíase o profesor Alonso Montero no prólogo á citada recompilación do xeito que a continuación se indica:

En 1964, [Emilio Álvarez Blázquez] gaña o Premio de Poesía Galega de Buenos Aires cun poemario que nunca se publicou e sobre o que non existen noticias precisas. (Álvarez Blázquez 2005: 17)

Alonso Montero, que procurou antes e despois de 1988 (Cabanillas 1981: 702-703) textos literarios publicados ou manuscritos do escritor tudense, acreditou co seu autorizado testemuño que non foi quen de encontrar vestixios do devandito orixinal premiado en Buenos Aires. Non menos complicada resultou a nosa procura; ende ben, logo de varios anos de pescudas, nós si localizamos e tivemos nas mans unha das copias do ata agora descoñecido libro de poemas que o noso autor enviara en 1963 á capital arxentina. Estamos convencidos de que o texto que chegou ata nós é a única versión do volume *Poemas e cantigas* que se conserva actualmente, o cal examinaremos polo miúdo nas seguintes páxinas.

Poemas e cantigas: estudo e edición

O mencionado libro inédito chegou a Galicia logo de varios atrancos. Álvarez Blázquez remitiu en 1963 varios exemplares mecanografados de *Poemas e cantigas* ao Centro Galego de Buenos Aires, onde lles foron entregados aos membros do xurado do certame lírico. Un deses exemplares, sen depósito legal nin indicación externa da identidade do seu autor, foi arquivado durante décadas nunha biblioteca privada da capital arxentina, ata que, por razóns que non transcenderon, foi exhumado e posto á venda na derradeira década do século pasa-

do. Ata onde tiveron a ben informarnos os actuais custodios dese exemplar de *Poemas e cantigas*, conservado na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, a documentación existente no que concirne á adquisición do texto demostra que esta se realizou nas condicións esixidas pola legalidade. Agora ben, mesmo os responsables da dita Biblioteca Xeral ignoraban ata o momento en que puxeron nas nosas mans o citado texto quen era realmente o escritor que se ocultaba tras o pseudónimo *Castrelo da Guía*, particular do que nós, obviamente, si eramos sabedores antes de obter a licenza para a consulta do poemario.

O volume atópase nun estado de conservación que cualificamos de aceptable tendo en conta a fragilidade do material e os moitos anos transcorridos. Externamente, *Poemas e cantigas* consta dun total de trinta e tres follas cosidas, e a súa medida (vinte e dous centímetros) axústase ao formato que os impresores denominan oitavo. O verso de cada folla está en branco. Na primeira das follas, que fai a función de cuberta, figuran centrados o título, o lema e mais o concurso (Premio de Poesía Galega “Rosalia Castro” [sic] do Centro Galego de Buenos Aires) ao que se destinou o poemario, por esta orde. Non existe no orixinal, mecanografado na súa totalidade, ningunha sinatura ou anotación subsidiaria que o vinculen con Emilio Álvarez Blázquez; así mesmo, cómpre destacar que o texto carece de paxinación e mesmo de índice. Porén, a teor da información que achega o ditame do xurado do devandito certame na súa edición de 1963 (resolta en 1964), o cal foi divulgado na revista do Centro Galego porteño citando explicitamente o título e o lema do orixinal gañador, así como os datos da plica correspondente³, resulta obvia a autoría de Emilio Álvarez Blázquez; autoría que, por outra banda, queda subliñada polo feito de que *Poemas e cantigas* acolla varias composicións publicadas polo noso autor antes ou despois de 1963.

Ofrecemos neste noso traballo unha versión de *Poemas e cantigas* estritamente fiel tocante á lingua empregada orixinalmente polo escritor tudense. O estado do orixinal mecanografado e as lóxicas reticencias dos bibliotecarios da Universidade impedíronnos expoñer o texto a elementos informáticos (e obter, deste xeito, unha reprodución completa do volume coa axuda dun escáner) ou facer fotocopias das follas mellor conservadas. Con todo, isto non empeceu que obtivésemos unha transcripción sobre a que completamos a preceptiva análise que forma parte deste ensaio. En liñas xerais, as variantes que presentan as composicións que chegaron a ver a luz en diferentes publicacións respecto das versións incluídas no poemario de 1963 son fundamentalmente léxicas, como sinalamos no aparato crítico que acompaña a cada unha das referidas composi-

cións na nosa edición. Os cambios no que concirne á ortografía e á morfoloxía son escasos ben que significativos, os cales podemos resumir na adición de signos de admiración e de interrogación no inicio dos enunciados (“Eu fálovos de un río...”, “Sant-Yago, dónde está o mar...”, “Diante da campa de Ramón Cabanillas”), a supresión da acentuación dos ditongos decrecentes (“Dixo miña nai...”, “Abre as portas da casa...”, “Diante da campa de Ramón Cabanillas”), algunhas mudanzas ortográficas nas pausas versais, con especial énfase na supresión dos puntos suspensivos (“Eu fálovos de un río...”, “Sant-Yago, dónde está o mar...”, “Castelao”, “San Ero”), e a regulación da vogal tónica dos demostrativos e dos pronomes persoais tónicos de terceira persoa (“Si unha certa tenrura...”, “Meu reino non é diste arbrea...”, “Deixa tí, meu picariño...”), amais da corrección dalgúns vulgarismos e castelanismos xunto coa eliminación dalgunha mostra ocasional de seseo (“Meu reino non é diste arbrea...”, “Ti xa sabes que deixo...”, “Dixo miña nai...”, “Abre as portas da casa...”, “Diante da campa de Ramón Cabanillas”, “Cantigas pra o camiño de Cambados”).

As claves temáticas de *Poemas e cantigas* poden sintetizarse na saudade experimentada fronte ao tempo e cara aos eidos nativos, a contemplación da paisaxe, a acordanza dos afectos familiares, unha certa preocupación relixiosa⁴ e a evocación

¹ A primeira referencia que temos do citado poemario tomámola da ficha bibliográfica escrita por *Salvador Lorenzana* [Francisco Fernández del Riego] que acompaña á edición de *Poemas de ti e de min* (1949). Os testemuños ofrecidos por Couceiro Freijomil (1951: 40) e Fernández del Riego (1955: 310) afirman que *Poemas de amor ingenuo* recollería a obra poética inicial de Emilio Álvarez Blázquez, mentres que Álvarez Caccamo é o único que indica que quizais os poemas en castelán publicados na revista *Alba* formasen parte desa obra inédita (1995: 36). O resto dos críticos limitáanse a citar marxinalmente a súa existencia, sen afondar no contido da antedita obra (González Garcés 1976: 71; Sen sinatura 1974: 13).

² O dito texto pode consultarse no volume colectivo *Escolma de familia. Cen anos de poesía* (Álvarez Giménez et al. 2000: 98-99). En 1969, o Círculo Vigüés, onde Emilio desempeñaba as funcións de secretario, tributoulle un banquete durante o cal Enrique Lorenzo Docampo, presidente da dita asociación e tamén da Deputación Provincial de Pontevedra, lle faría entrega ao noso autor dun uniforme de “peón caminero furtivo” como simbólico desagravio ao serlle denegado pola Administración o nomeamento de peón honorario que solicitara o propio poeta (José Ramón 1969: 8).

³ “Premio *Rosalía de Castro* (50.000 pesos) para libro inédito de poesía en Idioma Gallego, a la obra titulada *Poemas e cantigas*, Lema “Castrelo da Guía”, de la que resultó ser autor el doctor Emilio Álvarez Blázquez, con domicilio en Marqués de Valladares, 15 - 1º - VIGO - España” (Sen sinatura 1964: 41).

⁴ En relación co exposto, é conveniente subliñar que o intelectual tudense daría mostras do seu compromiso ao colaborar no volume colectivo *Cancións de Irmandade para xuntanzas cristiás* (VV.AA. 1971).

de varios escritores galegos. Como o propio título do volume indica, nel atopamos unha serie de composicións a semellanza do modo popular (romances, cantigas, coplas...), amais da recorrente presenza da paisaxe galega, caracterizada nos versos de Álvarez Blázquez cos trazos típicos do hilozoísmo, con seres e cousas pertencentes aos ambientes rural (*pombas, merlo, reiseñores, cabalos, lilio, avelaneiras, aldeia...*) e mariñeiro (*dorna, veleiros, game-la, mar, ondas, escumas...*). No entanto, apenas hai sitio no poemario para o costumismo, reflectido na glosa dalgunha copla popular nas “Cantigas de ausenza”. O humor e a picardía tan só están presentes nas “Cantigas de tempo ledó”, compostas ao xeito do pobo e con algúns resabos de retesía. En xeral, a adxectivación é sobria e apropiada, cun delicado afondamento imaxinativo baseado na introspección cara á natureza (*chuvia fría, piñeiros verdes, longa noite, cabalo mouro...*).

O tratamento lírico que Álvarez Blázquez ofrece nas páxinas deste libro de poemas revela un mundo poético que se expresa a través de diferentes elementos da realidade que o autor toma como puntos de referencia. Así, en *Poemas e cantigas* observamos textos que amosan evidentes marcas espaciais, cando non topónimos: “A aldeia limita ó Norde...”, “Cantigas pra o camiño de Cambados”, “Cabalos nas Cíes” ou “Cantigas de ausenza”, entre outros. Os ámbitos ou escenarios líricos de *Poemas e cantigas* nos que se desenvolven as composicións que integran o volume teñen como espazos predominantes o serán e a noite, espazos na súa maioría enfocados desde a perspectiva subxectiva do *eu* poético (“Eu fálovos de un río...”, “Chuvia por antre o sol...”). Malia que nalgúns poemas apreciamos escenarios nocturnos, estes son presentados polo autor como consecuencia ou tránsito cara ao día (“Si unha certa tenrura...”, “Han de vir outros tempos...”, “Para chegar ó teu sono...”). A alegría e a tristura, a luz e a sombra, conviven nos textos de Emilio Álvarez Blázquez, nos cales amosa unha capacidade de síntese na contemplación da paisaxe que chega a converterse en identificación cun *eu* lírico reiteradamente expresado a través das moitas notas sentimentais que encontramos ao longo do poemario.

Tocante ás influencias, coidamos que é doadamente perceptible o ascendente imaxinístico de Amado Carballo (“A unha beira, verde...”, “Ai, os vincallos do vran...”) ou certo influxo de Cabanillas (“Deixa ti, meu picariño...”, “Cantigas de ausenza”). Porén, Álvarez Blázquez posúe unha voz lírica de seu, culta e reflexiva, caracterizada por un intimismo subxectivo (“Carpinteiros de ribeira...”, “Por eiquí viñeron...”) ás veces tinguido de matices relixiosos (“Ti xa sabes que deixo...”, “Lémbrate de min, Señor...”, “Meu reino non é diste arbre...”,

“Diante da campa de Ramón Cabanillas”). Non obstante, convén salientar que, en puridade, o elemento relixioso como liña temática se vincula aos poemas en que o autor exalta santos de arraigada devoción popular (“Sant-Yago, dónde está o mar...”, “San Ero”, “Santa Trahamunda”, “San Gonzalo”, “Cantigas de tempo ledó”).

O escritor tudense achega a través dos seus versos unha expresión lírica en comunión co seu mundo íntimo contido nos sentimentos, ideas, sensacións, vivencias..., no cal as reiteracións formais que insisten no tempo suspendido na memoria vinculanse á etapa da nenez, por canto a expresión da temporalidade é consecuencia da súa situación vital. En liñas xerais, a poetización da muller posúe unha significación positiva, posto que encarna a dozura e a vitalidade (“Teus cabelos, chuvia...”, “Para chegar ó teu sono...”). Mais a representación soidosa da nai desempeña ademais unha evidente función matriarcal (“Limiar”, “Eu fálovos de un río...”, “Si unha certa tenrura...”), en canto a figura paterna apenas se albisca no libro de versos que nos ocupa (“Dixo miña nai...”, “Cantigas de ausenza”). A dor pola perda do pai, o sentimentalismo pudorosamente agachado que se había revelar con forza vinte e cinco anos despois n’ *O tempo desancorado*, é unicamente un eco en *Poemas e cantigas*.

Á marxe das liñas apuntadas anteriormente, na obra do escritor tudense aparece de modo explícito a figura de Rosalía de Castro, autorizada representante da dor existencial na literatura galega, en relación co motivo da “negra sombra” e co tema da espera (“Dixo miña nai...”), trazo este último vinculado á pasividade na representación da feminidade tradicional. Tamén advertimos a alusión metafórica á poetisa de Padrón contida no poema “Diante da campa de Ramón Cabanillas” (*aguila bágoa doce, pendurada l sobre os campos de Adina, tristes herbas*), e atopamos igualmente o nome de Rosalía na composición elegíaca dedicada a Castela, para quen o noso autor recadara terra galega xunto á cal había ser soterrado o rianxeiro en Buenos Aires.

Tocante á métrica, existe un claro predominio do octosílabo e doutros versos de arte menor (hexasílabo e heptasílabo) en consonancia coas estrofas que adoita empregar o poeta tudense. Podemos observar na súa obra coplas ou cuartetos asonantados (“Cantigas de tempo ledó”, “Cantigas de ausenza”), tercerillas (“Castelao”), coplas soleares (“Limiar”, “Si unha certa tenrura...”, “Eu fálovos de un río...”, “Por eiquí viñeron...”) ou quintillas (“Ai, os vincallos do vran...”), ademais das diferentes variantes do romance: romancillo ou romancillo (“A unha beira, verde...”), endecha (“Cabalos nas Cíes”), romance octosilábico (“A aldeia limita ó Norde...”) e romance heroico (“Diante da campa

de Ramón Cabanillas”). Tórnase obvio que a arte poética de Emilio Álvarez Blázquez se encadra na tradición, sen concesións ás innovacións das vangardas. Na maioría das composicións de *Poemas e cantigas* as rimas son asonantes, ben que nalgún caso apreciemos a disposición de rimas consonantes (“Carpinteiros de ribeira...”, “Castelao”, “Cantigas pra o camiño de Cambados”). No que concirne ao tipo de rima segundo o acento, predomina a feminina ou paroxítona, inda que atopamos casos de rima masculina ou oxítona (“Chuvisca por antre o sol...”, “Lémbrate de min, Señor...”) e con frecuencia o escritor tudense alterna ambas nunha mesma composición (“Teus cabelos, chuvia...”, “Han de vir outros tempos...”, “Abre as portas da casa...”, “Ti xa sabes que deixo...”, “O mar póla miña aldea...”). En canto á disposición das rimas, o usual é que sexan alternas. Unicamente localizamos exemplos de rimas continuas, seguindo a terminoloxía de López-Casanova (2001: 342), nalgúns pareados (“Para chegar ó teu sono...”).

Verbo das figuras retóricas que emprega o noso autor, convén salientar que a lírica de Álvarez Blázquez é abundante en tropos metafóricos, baseados en relacións de semellanza, e pobre en tropos metonímicos. No que atingue ás metonimias, anotamos algún exemplo illado en que o elemento substitutivo representa o obxecto pola materia da que está feito (“Deixa tí, meu picariño...”). Respecto da metáfora, recolleemos varios exemplos de metáfora *in praesentia* do tipo “A=B” (“Ai, os vincallos do vran...”, “Santa Trahamunda”). Tamén documentamos exemplos de metáfora por aposición do tipo “B=A” (“Chuvisca antre o sol...”, “Sant-Yago, dónde está o mar...”) e encontramos exemplos da denominada metáfora con modificador preposicional (Rosales 2002: 54) ou do tipo “B de A” (“Ai, os vincallos do vran...”, “Si unha certa tenrura...”, “Cabalos nas Cíes”). Por outra banda, é posible atopar nos textos de Álvarez Blázquez algún exemplo de metáfora *in absentia* (“Cabalos nas Cíes”).

Polo que fai ás figuras de repetición, observamos nos poemas do escritor tudense diferentes paralelismos, os cales se poden dar no espazo dun mesmo verso ou a través dunha equivalencia posicional en dous o máis versos. No plano léxico, a recorrencia exprésase a través de recursos como a anáfora (“San Gonzalo”, “Cabalos nas Cíes”). É necesario distinguir o tipo referido da anáfora textual, repetición de un ou máis versos (íntegros ou na súa maior parte) no inicio de estrofas diferentes, da cal tamén apreciamos exemplos nos versos de Álvarez Blázquez (“San Ero”, “Cantigas de ausenza”). En posición final, encontramos con moita menor asiduidade exemplos de epífora textual (“San Ero”). Tampouco están ausentes dos textos do tudense as figuras da xeminación e

da anadiplose (“Sant-Yago, dónde está o mar...”). Por último, é de notar a presenza do quiasmo e do paralelismo por inversión (“Santa Trahamunda”, “Cantigas de tempo ledo”).

Polo que se refire ás figuras de diálogo e argumentación, localizamos un caso de pregunta retórica en “Cabalos nas Cíes”. En canto ao símil (sempre introducido pola marca formal *como*) non é unha das figuras máis relevantes nos versos do noso autor, a diferenza do que ocorre coa metáfora (“Eu fálovos de un río...”, “Cantigas de ausenza”, “Cabalos nas Cíes”). Polo que atingue ás figuras de dicción, anotamos nos versos de Álvarez Blázquez a presenza da personificación ou prosopopea, substitución metafórica da relación “inanimado-animado” (“Eu fálovos de un río...”, “Si unha certa tenrura...”, “O mar póla miña aldea”). Fóra do antedito, observamos algún exemplo de figuras lóxicas coma o paradoxo (“Limiar”).

Á vista do anteriormente exposto, podemos tirar algunhas conclusións. A diferenza doutros libros do noso autor, *Poemas e cantigas* exhibe unha feble cohesión estrutural. Proba disto son as diferentes tonalidades que teñen cabida no volume, como demostra a análise das claves temáticas. Así e todo, a partir da disposición ordinal dos textos, poderíamos falar de dúas seccións neste poemario de 1963, ás cales precede un pórtico lírico baixo a denominación de “Limiar”. A primeira é máis persoal e introspectiva, formada por composicións sen epígrafe que, en boa medida, integrarían posteriormente *O tempo desancorado*. E hai unha segunda sección composta por poemas con título e con motivos que diverxen en moitos casos dos ofrecidos nos textos que abren o volume. Desde o noso punto de vista, *Poemas e cantigas* é unha encrucillada na creación lírica de Emilio Álvarez Blázquez; un libro ponte que conecta só parcialmente a nivel formal e estilístico co pasado literario que representa *Poemas de ti e de min*. Unha parte do libro de 1963 aínda se acomoda aos ditados do hiloizoísmo (animismo e aproximación ao mundo e ao espírito populares), pero a segunda das seccións de *Poemas e cantigas* ofrece unha poesía máis sentida e menos estética, afastada do pesimismo e da recreación da dor que, paradoxalmente, serían os referentes cos que o noso autor moldeou *O tempo desancorado*.

Aínda que non transcenderon as razóns polas que o escritor tudense rexeitou publicar *Poemas e cantigas*, cabería considerar a autocensura do creador (non descartamos que mesmo chegase a destruír o texto orixinal, feito que explicaría que non fora atopado ata este momento) e o adiamento imposto por mor da reelaboración dalgúns textos. Proba disto é que o noso autor tiraría deste volume composicións soltas que con algúns cambios habían ver a luz en xornais e revistas de Galicia e de América.

Faise evidente que Emilio non era alleo ao mundo literario galego do momento, e que, sen ir máis lonxe, unha editorial como Monterrey podería doadamente darlle saída ao libro premiado na capital arxentina. Mais a vontade do escritor foi outra. Nós sospeitamos que a evolución da súa voz poética cara a tons máis graves (amosados n' *O tempo desancorado*) e quizais a insatisfacción do creador respecto

dalgúns froitos da súa pluma foron os factores que empeceron a publicación destes *Poemas e cantigas* tal e como foran concibidos e, consecuentemente, impediron que se acrecentase o merecido recoñecemento de Emilio Álvarez Blázquez como poeta. Co propósito de emendar a dita eiva, rescatamos o libro de poemas que hoxe achegamos.

Poemas e cantigas

LEMA: *CASTRELO DA GUÍA*
[Emilio Álvarez Blázquez]

Premio de Poesía Galega “Rosalía Castro”
do Centro Galego de Buenos Aires (1963)

Limiar

Unha follíña no vento:
miña nai, qué cousa máis leda
para escomenzar un verso.

Unha follíña na tarde:
miña nai, qué cousa leda
para morrer de saudade...

* * *

Si unha certa tenrura
traspasase istes versos,
é na memoria tua.

Palabras non se atopan
pra levantar no vento
unha torre de pombas,

e teu nome así quede
sin decir, hastra o día
en que a luz se axoénlle;

en que a bris teña apouso
e baixe o arcoiris
a reclamálo outono.

Serán ditas de aquela
as cousas novamente.
E pra decir tristeza

abondará con porlle
unha bágoa de orballo
o lilio do teu nome...

→

Eu fálovos de un río
que tiña reiseñores...
Outra cousa non digo.

Póla noite, nas rendas
do vento, íles traguían
unha longa tristeza.

Qué pianos escuros,
qué arpas de saudade,
qué violins de musgo...!

Nós éramos pequenos,
e nosa nai, que tiña
as mans como salterios,

aloumiñaba as nosas
cabezas derrubadas
no silencio da horta...
Foi a música aquela
a que verqueu no río
escumas de camelias;

a que broslou orballos
a contraluz da noite
para filtrar os anxos;

a que nos puxo a nós,
insomnes, silandeiros,
sedas no corazón.

... Eu falo distas cousas
porque xa fai ben tempo
i agora son memorias...

E dígovos aínda
que nosa nai, tan doce,
chámabase María...

Abre as portas da casa
e deixa entrar ós probes.
Dalles boas palabras,

e si preguntan, dilles
que non estáo enfermo,
sinon un pouco triste.

Como non chega o pan,
lávaos hastra a solaina
e que miren o mar...

* * *

Ti xa sabes que deixo
póla noite na fiestra
un vaso cos meus versos.

Si un día eu non volvese,
verque a iagua, soave,
sobre os nardos de sempre.

Non chames a ninguén:
Pechas ti a fiestra,
moi amodiño, amén.

* * *

Lémbtrate de min, Señor,
que teño as máns pequerrechas
para tanto traballíño
de delor, que Tí sementas.

Dame o descanso arestora,
que vai víla primaveira
i eu teño un sono pensado
baixo das avelaneiras...

Por eiquí viñeron
outrora os cantares,
cando éramos nenos.

Por ista valgada
viñeron os bicos
i as froliñas brancas.

Agora —non chores..!—
ven un orballíño,
de aló, de moi lonxe...

* * *

Teus cabelos, chuvia;
chove miudiño
cando te debruzas.

Lagóas nos ollos:
paisaxe nas ribas,
saudade no fondo.

Pucharcas as máns:
dez regos lizgairos
os dedos serán.

Toda ti es de iauga
i envólvetete, tenra,
a néboa da ialma...

* * *

Han de vir outros tempos,
pasada a chuvia fría,
pasado o neboeiro.

Han de vir manseliños
días de andalo campo
das nosas máns prendidos.

Agarda aquí ó meu ren,
que ha de vir primaveira
i ha de vílo mencer...

Para chegar ó teu sono,
na noitiña namorada,
eu teño un cabalo mouro.

Para tornar, moi dispacio,
do teu sono, póla ialba,
eu teño un cabalo branco.

Escoito cen cans latendo
tras do meu cabalo negro.

Volven cantando cen galos
co meu cabaliño branco...

* * *

Chuvisca por antre o sol.
Rube a luz, moi amodiño,
pólas rendas de color...

Arpa dourada a serán,
canta un melro, e non tería
nista hora que cantar...

Meu reino non é diste arbore,
dixo o melro, e puxo en cruce
as azas, sobre do aire...

* * *

A aldea limita ó Norde
con unhas pombiñas brancas;
ó Sul, cos piñeiros verdes
i a néboa por antre as ramas.
Pólo Oeste co solpor,
E pólo Leste coa ialba.

O mar se escoita, moi lonxe,
e non limita con nada...
Deixa tí, meu picariño,
que o carro chore e se queixe:
hai arbres pólo camiño
e il leva un arbore no eixe...

O mar póla miña aldea
entra doce e vagariño
e durme baixo as videiras...

Qué verde palma da man,
que mar tan pouquiña cousa
para tanta señardá...

* * *

Carpinteiros de ribeira,
eu vos veño preguntar
cánto custa unha gamela
con os remos de cristal...

* * *

A unha beira, verde;
verde, de outro lado:
casi verde o ceo
de tan verde embaixo.

I o carro que cruza
pólo val lonxano,
abre en dous o verde
silenzo do campo...

* * *

Ai, os vincallos do vran,
antre feros rechouchíos,
qué corcosidos lle dan,
sin agullas e sin fíos,
ó aire, pano sedán...

E qué peneira que fan,
co berbiquín dos peteiros,
na morna pel da serán
pra peneirar os luceiros
da longa noite do vran...

[Sant-Yago]

Sant-Yago, dónde está o mar
que póla noite as campanas
tocaron a inmensidá...?

Dónde están os teus veleiros,
mastros as torres ergueitas,
ronsel de estrelas no ceo...?

Quén naufragou na Quintana,
mar sin ondas, mar sin mar,
mar de lúa empredgada...?

Sant-Yago, dónde está o mar
que ven a barca da Morte
e non ten donde ancorar...?

* * *

Dixo miña nai:
Non peches
o portalón, por si pasa
Rosalía e ven con sede...

Pasóu unha negra sombra:
Nin meu pai nin miña nai
baixaron abrila porta...

* * *

Castelao

Estaba tan ceguño
que soio conocía
pólo aroma os camiños...

Atoutiñando estrelas,
sin ferirse, chegaba
nun voo a Compostela.

E nunca se perdía,
levado das camelias
de luz de Rosalía...

Ben sabía de aquela
corredoira de escumas
hastra Rianxo, en vela...

Na memoria das máns
gardaba a frol dos nosos
cruceiros aldeáns...

Morreu de resprandor:
de tanta luz da Terra
dentro do corazón...

* * *

Diante da campa de Ramón Cabanillas

... *De qué morte morreu a nosa prenda...*
(Cabanillas: poema adicado a Castelao)

Agora somos nós quén preguntamos
de qué morte morréu ista outra prenda;
qué ventiño levián, qué mar mareiro,
levóu do par de nos tanta grandeza.

Il era un rexo con, un bosco irado;
un piñeiro fendido das tormentas,
e levaba nas máns un verso pronto
i un anaco de pan, como os Profetas.

Il fora pólas portas preguntando
ónde estaba o delor, e de quén era
aquila bágoa doce, pendurada
sobre os campos de Adina, tristes herbas.
Bendecira os camiños verdegados
e deixara no mar a ialma acesa
por si un día voltaba pra Rianxo
unha dorna sin luz, unha tristeza.

Nada tivo de seu, máis que a fartura
de limpas homildás e de probezas,
e nos eidos perdidos sementaba
orballos nada máis e algunha estrela.

Qué ricos nos deixou, qué ben herdados
—vagalumes no chán, no ceo néboas
i un recuncho en Tragove pra escoitare
o cantar dos carriños antre as eiras...!

Agora eiquí repousa nunca morto,
sementado, Señor, na doce espera
de un tempo de agromar, que xa está vindo.
Amén, Señor, amén, por sempre sexa...

San Ero

Louvado sexa o Santo
que está no Paradiso
e non quería tanto...

Louvada sexa a horta
de Armenteira, que foi
trescentos anos gloria.

Louvado o paxariño,
de quen nadie se lembra
i está no Paradiso...

* * *

Santa Trahamunda

Santa Trahamunda, volalla,
virxe na terra e no aire,
virxe no ceo e na iauga.

Qué calma deixou o vento
e qué calmiñas as ondas,
illa de Tembo a Sanxenxo...

Santa Trahamunda, levián,
que foi o primer ventíño
mareiro do noso mar...

* * *

San Gonzalo

San Gonzalo pólo Ceo
con un ramo de mazáns
reinetas de Mondoñedo...

San Gonzalo póla iauga
cunha palma de fiuncho
da horta de Lorenzana.

San Gonzalo verdadeiro,
que está na gloria e cobiza
as arcadas do Convento...

Cabalos nas Cíes

Tende piedá dos probes
cabalos que aquí mouran.
Ou, sinon, terlle envexa.
Pensade algunha cousa...

Eu xa sei que iles brincan,
que bulen, que agallopan,
pero soio hastra a liña
ónde as augas estoupan.
Tamén poden rubir
pólas cumes máis outas,
fachos de mar inmensa,
mariñeiras curotas.
Teñen herbiña fresca
e auga verquida en doas
de un regacho que esbara
pólo quenlle das rocas.

O mar teñen diante,
mar e máis mar en voltas,
remuíño de escumas,
rodicio de gueivotas...

... eu digo que pensedes
en isto: que non poidan
un Domingo de Ramos
baixar hastra Baiona;
carregar unha nena
como quen leva rosas;
ir a feira a Bueu,
a Tui, á Ramallosa...

E digo máis aínda:
Coitados, que non poidan
rubir a Maorgadáns,
a Mougás ou Torroña,
onde viven as greas
en libértá groriosa,
baixo a tralla sin ira
de o vento pólas froumas...

—Lembraráanse, pregunto,
algunha vez da dorna
mariñeira que os trouxo;
de aquil ronsel da popa,
de aquil doce abaneo
sobre a quina das olas...?

Os cabalos das illas,
qué soñarán, si soñan...?

Cantigas pra o camiño de Cambados

Fumos ó viño albariño,
fror da terra vendimada,
como quén vai de camiño
e quedamos de pousada.

O pasar por Armenteira,
ai, qué leda romería,
cantounos a cotovía
e durmimos noite enteira.

Nas ribas de San Tomé
preguntamos pólo mar
e dixemos: —Ula é
a torre de namorar...?

De qué se queixa Tragove,
arpa de triste laiar:
cando chove sempre chove
a saudade sobre o mar...

Pólo mar do Mar de Arousa
unha dorna viña en vela;
pescar, pescara una estrela
que non pescara outra cousa...

* * *

Cantigas de tempo ledo

A Santa Lilaina,
si baixas, non subes.
Ten a capela no aire
e fanlle festa en Ningures...

Xa sei que cantas moi ben
que che aprendeu unha rula.
A min aprendeume un melro,
mira tí que gran fortuna.

Si vas a San Benitiño,
fala connigo ó pasar.
Tí turras pra Pontevedra
i eu turro pra Gondomar.

Xa soa a gaita no monte,
arde o eixo, carballeira;
Ardelle a blusa a Xaquín
e a Marica a faltriqueira...

=

Unhas veces porque sí,
outras veces porque non,
sempre canto, miña prenda,
canto sempre, meu amor.

=

Pregunteille ó cuco rei
cantos anos tardarías:
o cuco, como é moi cuco,
contestóu coa letanía...

=

Non chores, que cando volva,
ímos bailar a San Blas.
Mentras tanto, vai buscando
parexa para mañán...

=

Metín un ramiño de herba
rentes do meu corazón:
si me prende, miña prenda,
casareime, sinón, non...

=

Ofrecícheme un biquiño
cando estivera ó teu lado:
agora, que estou tan lonxe,
moito me teño acordado...

=

Non che pido nada, nena,
nin nada me tes que dar.
Si che sobra algunha cousa,
poderíasma emprestar...

=

Teño que falar co cura,
teño de ir a sacristía;
que lle quero preguntar,
como te chamas, María...

=

Chámome Marica a secas,
e non quero ser casada:
vale máis un pito enxoiito
que unha galiña mollada...

Cantigas de ausenza

De Coristanco e Laracha,
de Santa Comba e Arteixo,
cántos rapaciños foron
pólo mar e non volveron.

=

O pai foise cando era
moi meniño o noso Xan.
Sempre me escribe, decindo:
dálle bicos ó rapaz...

=

No camposanto de Donas
hai unha coba pequena
onde enterro as miñas bágoas,
meu amor, mentras non veñas.

=

Mentras non veñas, amor,
vestirei mantelo mouro:
cando volvas, amarelo,
como as froliñas dos toxos.

=

Adiós, miña nai querida,
dígolle adiós, miña nai.
Si lle dixera hastra logo
Non tiña porqué chorar...

=

Hai un barco na badía,
hai outro barco no mar;
non me digas cántos volven
que eu che digo cantos van...

=

De Mañufe e de Peitieiros,
de Donas e Morgadán,
hai moita moza ós domingos
que non ten con quén bailar...

=

Teño un amor en Melide,
outro teño en Amenal.
O amor que eu quixen tanto,
ise foise pólo mar...

=

Non me pidas despedidas
nin me pidas máis biquiños:
douche unha rosa da horta
e dígoche adiós, Pepiño.

=

Teño un fillo nesta terra,
outro non sei donde está.
Querolle máis o que falta
pólo que me fai chorar...

Variantes e notas

“Si unha certa tenrura”, p. 13

Verso 1: *Se*; verso 2: *traspasara estes versos*; verso 5: *pra decir o teu nome*; verso 6: *sen que se veña unha pomba* (Álvarez Blázquez 1988: 11). O resto dos versos foron substituídos na versión de 1988 polos seguintes: *de soledá a aniñarse l no corazón, xa canso, l María, de chamarte. l ¿Dónde estarán pousadas l as túas mans de liño l e aquela deloírada l lentura dos teus beizos l sobre a rosa do sono l na noite, cando nenos? l As bágoas que verqueras l agora dan un froito l serodio de camelias l e se orballa na horta l un recendo de tí, l marmansiño, nos molla, l inmensa flor de loito, l resurrección eterna l do pranto dos teus ollos.* (Álvarez Blázquez 1988: 11-12).

“Abre as portas da casa”, p. 14

Verso 4: *se*; verso 5: *estou*; verso 6: *senón*; verso 8: *lévaos* (Álvarez Blázquez 1988: 25).

“Ti xa sabes que deixo”, p. 14

Verso 1: *Ti xa sabes que eu deixo*; verso 5: *verque a iauga amodiño*; verso 8: *tú*; verso 9: *como sabes* (Álvarez Blázquez 1988: 41). Na versión publicada en 1988 o autor introduciu a continuación da primeira estrofa tres versos novos: (*Son versos ben cativos: l unha sede de orballo l no corazón dun lirio*) (Álvarez Blázquez 1988: 41).

“Por eiquí viñeron”, p. 14

Verso 1: *eiquí*; verso 2: *cantares*; verso 3: *cando eu era neno*; verso 4: *esta*; verso 6: *e as floríñas brancas*; verso 7: *—non chores!—*; verso 8: *ven un vento frío*, (Álvarez Blázquez 1988: 17).

“Chuvisca por antre o sol”, p. 15

Verso 1: *entre*; verso 2: *Baixa a luz moi amodiño*; verso 4: *Arpa de ouro o serán*; verso 5: *canta un merlo e non tería*; verso 6: *nesta* (Álvarez Blázquez 1988: 53).

“Meu reino non é diste arbore”, p. 15

Verso 1: *Meu reino non é desta árbore*; verso 2: *cruz*; verso 3: *as azas sobre a paisaxe...* (Álvarez Blázquez 1988: 13).

“[Sant-Yago]”, p. 16

Verso 1: *¿dónde*; verso 2: *pola*; verso 3: *inmensidá?*; verso 4: *¿Dónde*; verso 6: *ceo?*; verso 7: *¿Quén*; verso 9: *empedregada?* (Álvarez Blázquez 1953: 56). A última estrofa non figura na versión publicada en 1953, na cal este poema leva por título “Sant-Yago”.

“Dixo miña nai”, p. 16

Versos 1-2: *Dixo miña nai*: —*Non peches*; verso 3: *se*; verso 4: *sede*; verso 5: *Pasou unha negra sombra*; verso 6: *Nen meu pai nen miña nai*; verso 7: *baixaron a abrir a porta*. (Álvarez Blázquez 1988: 31).

“Castelao”, p. 16

Verso 3: *camiños*; verso 9: *de paz de Rosalía*; verso 12: *vela...!*; verso 13: *mans*; verso 14: *levaba a fror dos nosos*; verso 15: *aldeáns*; verso 17: *De* (Álvarez Blázquez 1965: s.p.). A disposición das tercerillas mudou nesta versión, de xeito que a terceira e a cuarta estrofas intercambiaron a súa posición en 1965. O vinte e oito de xullo de 1984, o mesmo xornal acolleu un poema baixo o título de “Castelao e a rosa da Caeira”. As mudanzas son tan significativas que, máis que falar de reelaboración, habería que falar de intertextualidade: *Estaba tan ceguño l que soio coñecía l polo aroma os camiños. l Atoutiñando estrelas, l sin ferirse, chega l nun soño a Pontevedra l e no pinal incerto l da Caeira dos mortos l os seus pálidos dedos l erguían unha rosa l medida pola altura l do corazón de Bóveda...* Aínda que non o revela, Miro Villar semella compartir o noso criterio, pois na súa edición da lírica do escritor tudense reproduce por separado os dous textos que viron a luz no diario vigués (Álvarez Blázquez 2005: 149-152). O poema de 1984 tamén se pode consultar no volume *Coroa poética para Castelao* (Alonso Montero 1988: 325).

“Diante da campa de Ramón Cabanillas”, p. 16

Verso 2: *de qué morte morreu esta outra prenda*; verso 4: *nós*; verso 5: *El era un rexo cón, un bosco irado*; verso 6: *un carballo fendido das tormentas* (Cabanillas 1981: 702). Verso 7: *e levaba na man un verso pronto*; verso 8: *e un anaco de pan como os profetas*; verso 9: *El fora polas portas preguntando*; verso 10: *dónde estaba o dolor, e de quen era*; verso 11: *aquela bágoa doce pendurada*; verso 15: *tornaba*; verso 16: *tristeza...*; verso 17: *seu*; verso 18: *de limpas humildás e de probezas*; verso 21: *¿Qué ricos nos deixan, qué ben herdados*; verso 22: *vagalumes no chan, no ceo néboas*; verso 23: *e un recuncho en Tragore pra escoitare*; verso 24: *leiras!*; verso 25: *Agora aquí repousa, nunca morto*; verso 26: *longa*; verso 27: *de un tempo de agromar que xa está vindo*; verso 28: *con mapoulas no ar como bandeiras*. (Cabanillas 1981: 703). Segundo consta na edición da que é responsable

Alonso Montero, este poema foi lido polo seu autor co gallo da inauguración do monumento a Cabanillas en Cambados (3-VII-1960), ben que permaneceu inédito ata 1981. Convén sinalar que na versión divulgada en 1981 non se especifica a autoría do verso que figura como paratexto.

“San Ero”, p. 17

Verso 1: *seña*; verso 3: *tanto*.; verso 4: *Louvada seña a hora*; verso 8: *de quen naide se lembra*; verso 9: *i-está* (Álvarez Blázquez 1953: 56).

“Cabalos nas Cíes”, p. 17

Existen certas similitudes entre a temática deste texto e a de “Caminos”, composición en castelán do noso autor incluída na revista *Alba* (Álvarez Blázquez 1948b: 11). Compárense os dous

primeiros versos deste poema en galego co comezo do texto en castelán (*Yo siento compasión por los caminos muertos*), ou aínda os versos comprendidos entre o vinte e un e mais o vinte e sete da presente composición fronte a outros de “Caminos”: *¡Los caminos que nunca subieron a la fiesta, / ni bajaron un día a la orilla del mar! a ver como en los barcos navegaba un cantar!*

“Cantigas pra o camiño de Cambados”, p. 18

Verso 2: *flor*; verso 3: *quen*; verso 6: *–ai, qué leda romería–*; verso 9: *Ás*; verso 10: *polo*; verso 11: *di-xemos: Ula*; verso 14: *laiar*; verso 16: *mar*; verso 17: *Polo mar da Arousa*; verso 19: *pescará*; verso 20: *pescará* (Álvarez Blázquez 1964: 14). A disposición das cuartetas foi variada polo noso autor, de xeito que a terceira e a cuarta estrofas intercambiaron a súa posición na versión de 1964.

Referencias bibliográficas

- Alonso Girgado, Luís, dir. (1996). *La Noche. Suplemento del sábado, Santiago de Compostela (1949-1950). Edición facsimilar*. Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro / Xunta de Galicia.
- (1996). *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)*. Santiago de Compostela: CILL Ramón Piñeiro / Xunta de Galicia.
- Alonso Montero, Xesús, ed. (1988). *Coroa poética para Castelao*. Sada-A Coruña: Edicións do Castro.
- (1993 [1988]). “Emilio: o seu reino non era desta árbore” (*La Voz de Galicia*, 27-IX-1988). *X edición do Certame Nacional de Periodismo Julio Camba*. Pontevedra: Caixa de Pontevedra.
- Álvarez Blázquez, Emilio (1945). *El libro del por qué* (en colaboración con Xosé María Álvarez Blázquez. Vigo: Editorial Cies.
- (1948a). *Modernas cartas amorosas* (en colaboración con Xosé María Álvarez Blázquez e asinado conxuntamente co pseudónimo C. Garrido. Vigo: Editorial Cies.
- (1948b). “Camino”, *Alba* 2: 11.
- (1949). *Poemas de ti e de min* (en colaboración con Xosé María Álvarez Blázquez). Pontevedra: Benito Soto.
- (1953). “Triadas de tres santos”. *Lar* 236/237: 56.
- (1964). “Cantigas pra romería de Cambados”. *Faro de Vigo* (23-IV-1964): 14.
- (1965). “Castelao”. *Faro de Vigo* (7-I-1965): s. p.
- (1984). “Castelao e a rosa da Caeira”. *Faro de Vigo* (28-VII-1984): s.p.
- (1988). *O tempo desancorado (Poemas para María Blázquez)*. Vigo: Galaxia.
- (2005). *Poesía galega completa e textos en prosa* Ed. por Miro Villar e prólogo de Xesús Alonso Montero. Vigo: Xerais.
- Álvarez Blázquez, Xosé María (1987). *Poesía galega completa*. Vigo: Xerais.
- Álvarez Cáccamo, Xosé María (1995). “Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez polos camiños de Alba”. *Alba. Edición facsimilar*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro / Xunta de Galicia. 33-42 .
- Álvarez Giménez, Emilio / Álvarez Limeses, Xerardo / Álvarez Blázquez, Xosé María / Álvarez Blázquez, Emilio / Álvarez Negreira, Emilio / Álvarez Cáccamo, Xosé María / Álvarez Cáccamo, Alfonso / Álvarez Cáccamo, Celso (2000). *Escolma de familia. Cen anos de poesía*. Vigo: Xerais.
- Borobó [García Domínguez, Raimundo] (1949). “Poemas de ti e de min”. *La Noche* (23-XII-1949): 4.
- Cabanillas, Ramón (1981). *Obra completa*, t. III. Ed. por Xesús Alonso Montero. Madrid: Akal.
- Casas, Augusto (1950). “Laureles de escritores gallegos”. *El Pueblo Gallego* (16-II-1950): 4.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1951). *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. I. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- Fernández del Riego, Francisco, ed. (1955). *Escolma de poesía galega IV. Os Contemporáneos*. Vigo: Galaxia.
- González Alegre, Ramón (1954). *Poesía gallega contemporánea*. Pontevedra: Huguin.
- González Garcés, Miguel, ed. (1956). *Diez poetas gallegos*. Montevideo: Libertad.
- (1976). *Antología de la poesía gallega de posguerra*, vol. I. Sada-A Coruña: Ediciones del Castro.
- José Ramón (1969). “Simpático homenaje. Emilio Álvarez Blázquez, peón caminero furtivo”. *Faro de Vigo* (23-II-1969): 8.
- López-Casanova, Arcadio (2001). *Diccionario metodolóxico de análise literaria. I. A poesía. Textos*

tos líricos galegos da Idade Media ós nosos días.
Vigo: Galaxia.

Rosales, Manuel (2002). *A linguaxe literaria*. Vigo: Xerais.

S. [Sevillano, Ánxel] (1950). “Poemas de ti e de min”. *Faro de Vigo* (1-I-1950): 6.

[Sen sinatura] (1950). “Poemas de tí e de mín”. *Alba* 4: s. p.

[Sen sinatura] (1957). “Cariñoso y cordial homenaje a Emilio Álvarez Blázquez, nuevo miembro de la Real Academia Gallega”. *El Pueblo Gallego* (1-X-1957): 4.

[Sen sinatura] (1964). “Notas”. *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires* 540: 41.

[Sen sinatura] (1974). “Emilio Álvarez Blázquez”. *Gran Enciclopedia Gallega*, t. II. Santiago de Compostela–Gijón: Silverio Cañada Ed. 13.

[Sen sinatura] (1988). “Emilio Álvarez Blázquez. *in memoriam*”, *Agália* 16: 493.

Toro Santos, Antonio Raúl de, ed. (1996). *Galicia en Londres. Galicia, Gran Bretaña e Irlanda nos programas galegos da BBC (1947-1956)*. Vigo: Galaxia.

VV. AA. (1971). *Cancións de Irmandade para xuntanzas cristiás*. Pontevedra: SEPT.